

XVII CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO *DOLORES AGRELO*

A A.N.P.A. do CPI Cova Terreña de Baiona, na procura de fomentar e divulgar a creación literaria nas novas xeracións, convoca o presente Premio Literario, que leva o nome da persoa que de xeito altruista donou os terreos onde hoxe se levanta o noso centro educativo.

BASES

1º. Poderán concorrer todos os alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria do CPI de Cova Terreña, cunha única obra do xénero de relato curto, de temática relacionada coa do ano escolar, e escrita en lingua galega. Este ano está adicado ó **"Contos no Val"**

2º. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, sendo a súa extensión nunca inferior a 1 folio Ed. Primaria, 2 folios en 1º e 2º de Ed. Secundaria e 3 folios en 3º e 4º Ed. Secundaria. A extensión máxima non poderá ser superior aos 6 folios, cun interlineado de 1,5. Teranse que presentar mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara. O tipo do carácter será *Times New Roman* ou similar e o corpo de letra de 12 puntos. Ademais, o xurado terá en conta a ortografía dos relatos, podendo penalizar aqueles traballos con faltas ortográficas.
O traballo deberá realizarse individualmente.

3º. As obras aportaranse nun sobre pechado onde se poderá ler o título da obra, o curso e o pseudónimo do autor/a. Dentro do sobre, ademais do relato, irá un segundo sobre ou plica que conterá o título do relato, o pseudónimo e a identidade do autor, cos seguintes datos: nome, idade e curso ao que pertence.

4º. As obras entregaranse na Conserxería do CPI de Cova Terreña dende o 20 de decembro ata o día 21 de xaneiro de 2022, ás 14:00 h.

5º. O Xurado estará formado polos seguintes membros:

- Tres representantes da A.N.P.A.
- Tres profesores do centro, (un de 5º-6º, un de 1º-2º e un de 3º-4º).
- Un representante do Departamento de Lingua Galega e Literatura.
- Tres alumnos/as, un de cada tramo educativo que participa.

A decisión do Xurado será inapelable e farase pública o 02 de febreiro.

6º. Estableceranse tres premios por cada ciclo educativo:

- Nivel 1: 5º e 6º de Educación Primaria.
- Nivel 2: 1º e 2º de Educación Secundaria.
- Nivel 3: 3º e 4º de Educación Secundaria.

Os premios consistirán en:

- 1º Premio: material escolar por importe de 60 €.
- 2º Premio: material escolar por importe de 50 €.
- 3º Premio: material escolar por importe de 40 €.

O galardón pode declararse deserto ou ser repartido *ex aequo* entre dous autores.

7º. Os gañadores deberán enviar os relatos por correo electrónico ao colexio para facilitar a súa impresión: cpi.cova.baiona@edu.xunta.es

8º Todas as obras recollidas no Concurso quedarán depositadas na Biblioteca do centro, para lectura e deleite dos usuarios da mesma.

9º. A interpretación destas bases correspóndele exclusivamente ao Xurado. O feito de participar no Certame supón a aceptación das bases.

A.N.P.A do CPI de Cova Terreña



Baiona, a 13 de decembro de 2021

**XVII CERTAME
LITERARIO
*DOLORESAGRELO***

XANEIRO, 2021